



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CSSEA04	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1554	Unidade de saúde ambiental	2024/2025	0	87	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BEATRIZ DE LA SANTÍSIMA TRINIDAD GÓMEZ, EMILIO CASAL MARTÍNEZ (Subst.), MARTA FERRÓN GÓMEZ (Subst.)
Outro profesorado	MARTA FERRÓN GÓMEZ

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica obxectivos e funcións da unidade de saúde ambiental, relacionando a prestación de servizos coa estrutura organizativa do sector sanitario
RA2 - Xestiona a documentación técnica da unidade, utilizando programas de xestión documental e sistemas de rexistro e arquivamento
RA3 - Xestiona os recursos materiais de unidades de saúde ambiental, aplicando técnicas de loxística
RA4 - Realiza a preparación e a posta en marcha de equipamentos da unidade de saúde ambiental, e programa as súas actividades de funcionamento e de mantemento
RA5 - Elabora informes e resumos de actividade da unidade de saúde ambiental, utilizando métodos de tratamento de datos e aplicacións informáticas

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Definíronse os trazos fundamentais do sistema sanitario español, salientando as particularidades dos sectores público e privado
CA1.2 Relacionáronse as competencias de ámbito sanitario galego coas das administracións públicas do Estado e da Unión Europea
CA1.3 Especificáronse as competencias de saúde ambiental de cada Administración
CA1.4 Describiuse a estrutura organizativa e funcional dos centros, das unidades e dos servizos de saúde ambiental
CA1.5 Identificáronse os servizos de sanidade ambiental
CA1.6 Describiuse o proceso de prestación do servizo nunha unidade de saúde ambiental
CA1.7 Explicáronse as funcións e as competencias do técnico Superior en Química e Saúde Ambiental



Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Clasifícanse documentos en función das actividades da unidade
CA2.2 Identifícanse as características dos documentos utilizados na unidade
CA2.3 Establecéronse os fluxos de tramitación de documentos na unidade
CA2.4 Cubríronse documentos seguindo os protocolos establecidos
CA2.6 Arquiváronse e cuestionáronse documentos seguindo as normas establecidas
CA2.8 Utilizáronse programas informáticos de xestión de documentos na unidade
CA3.1 Identifícanse os recursos materiais necesarios segundo as características da unidade de saúde ambiental
CA3.3 Recibiuse o pedido e comprobáronse as condicións dos produtos
CA3.4 Seleccionáronse métodos e condicións de almacenamento e conservación dos produtos e dos materiais
CA3.5 Aplicáronse criterios de orde na xestión dos recursos materiais das unidades de saúde ambiental
CA3.6 Establecéronse criterios para o control de existencias
CA4.1 Identifícanse as características técnicas, as funcións e as condicións de uso dos equipamentos da unidade de saúde ambiental
CA4.2 Interpretáronse instrucións e fichas de seguridade de equipamentos para manter as condicións de uso
CA4.5 Elaborouse un plan de revisións de equipamentos da unidade de saúde ambiental
CA4.8 Identifícanse as normas de prevención de riscos laborais asociadas ao manexo do equipamento da unidade de saúde ambiental
CA5.2 Defíníronse formatos de presentación da información tendo en conta o tipo e a finalidade da información, e as características do programa informático utilizado
CA5.3 Seguíronse os procedementos e os códigos establecidos no rexistro de actividades
CA5.4 Identifícanse métodos de avaliación de datos obtidos



Criterios de avaliación do currículo
CA5.8 Comparáronse os resultados obtidos cos doutras actividades
CA5.10 Utilizouse a terminoloxía técnico-científica na documentación elaborada
CA5.11 Elaboráronse informes e resumos de actividade respectando a confidencialidade dos datos

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica obxectivos e funcións da unidade de saúde ambiental, relacionando a prestación de servizos coa estrutura organizativa do sector sanitario
RA2 - Xestiona a documentación técnica da unidade, utilizando programas de xestión documental e sistemas de rexistro e arquivamento
RA3 - Xestiona os recursos materiais de unidades de saúde ambiental, aplicando técnicas de loxística
RA4 - Realiza a preparación e a posta en marcha de equipamentos da unidade de saúde ambiental, e programa as súas actividades de funcionamento e de mantemento
RA5 - Elabora informes e resumos de actividade da unidade de saúde ambiental, utilizando métodos de tratamento de datos e aplicacións informáticas

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.8 Analizouse a normativa de saúde ambiental e ambiente
CA2.1 Clasificáronse documentos en función das actividades da unidade
CA2.2 Identificáronse as características dos documentos utilizados na unidade
CA2.5 Aplicáronse os sistemas de codificación e rexistro da documentación segundo a súa finalidade, seguindo os protocolos da unidade



Criterios de avaliación do currículo
CA2.6 Arquiváronse e cuestionáronse documentos seguindo as normas establecidas
CA2.7 Xestionouse a documentación respectando a confidencialidade dos datos e o segredo profesional
CA2.8 Utilizáronse programas informáticos de xestión de documentos na unidade
CA3.2 Confeccionáronse pedidos de materiais e outros elementos tendo en conta protocolos establecidos
CA3.3 Recibiuse o pedido e comprobáronse as condicións dos produtos
CA3.4 Seleccionáronse métodos e condicións de almacenamento e conservación dos produtos e dos materiais
CA3.5 Aplicáronse criterios de orde na xestión dos recursos materiais das unidades de saúde ambiental
CA3.6 Establecéronse criterios para o control de existencias
CA3.7 Realizouse o control de existencias
CA3.8 Realizouse o inventario de materiais
CA3.9 Utilizáronse programas informáticos de xestión e control de almacén
CA3.10 Seguíronse as normas de seguridade e hixiene na xestión dos recursos materiais das unidades de saúde ambiental
CA4.2 Interpretáronse instrucións e fichas de seguridade de equipamentos para manter as condicións de uso
CA4.3 Verificáronse e calibráronse os equipamentos da unidade de saúde ambiental segundo os procedementos establecidos
CA4.4 Programáronse e realizáronse actividades de limpeza, desinfección e esterilización seguindo os protocolos establecidos
CA4.6 Realizáronse actividades de mantemento e reparación básica de equipamentos da unidade de saúde ambiental seguindo os procedementos normalizados de traballo
CA4.7 Cubríronse os documentos do sistema de calidade referentes ao mantemento e á calibración dos equipamentos
CA4.8 Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais asociadas ao manexo do equipamento da unidade de saúde ambiental



Criterios de avaliación do currículo
CA5.1 Mantivéronse operativas e actualizadas as bases de datos relacionadas coas actividades da unidade de saúde ambiental
CA5.3 Seguíronse os procedementos e os códigos establecidos no rexistro de actividades
CA5.5 Aplicáronse procedementos de tabulación de datos
CA5.6 Realizáronse o cálculo e a análise estatística de datos
CA5.7 Elaboráronse informes e resumos cos resultados obtidos, comparando co que marca a normativa
CA5.8 Comparáronse os resultados obtidos cos doutras actividades
CA5.9 Respectáronse os protocolos e as normas de traballo establecidos
CA5.10 Utilizouse a terminoloxía técnico-científica na documentación elaborada
CA5.11 Elaboráronse informes e resumos de actividade respectando a confidencialidade dos datos

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva en cada unha das distintas unidades son os seguintes en función do tipo de proba:

CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4, CA1.6, CA1.7, CA1.8

CA2.1, CA2.3, CA2.5, CA2.6, CA2.7

CA3.2, CA3.4, CA3.5, CA3.6, CA3.7, CA3.8, CA3.10

CA4.3, CA4.4, CA4.7, CA4.8

CA5.2, CA5.3, CA5.4, CA5.5, CA5.6, CA5.7, CA5.8, CA5.9, CA5.10

Con respecto as probas que se levarán a cabo para a cualificación do módulo:

- Realizarase unha proba de carácter teórico e outra de carácter práctico e/ou teórico-práctico.

- Cada unha das probas cualifícase entre 0 e 10 puntos, sendo preciso un mínimo de 5 puntos en cada unha delas para facer a media e obter a puntuación global da proba, que será a media aritmética de ámbalas dúas expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.



A primeira parte da proba (parte teórica) terá carácter eliminatorio, é dicir, é necesario acadar un 50% da puntuación posible para acceder á segunda parte da proba. Puntuarase de 0 a 10.

As persoas que non superen a primeira parte da proba recibirán a cualificación de non superada (suspensa) na segunda parte da proba, de xeito automático, ao non poder acceder a persoa aspirante á segunda parte da proba.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Criterios de Calificación:

- A realización das probas de calificación constará de dúas partes, unha parte teórica, cualificada cun 50 % e unha parte práctica cun 50 % do total, acadando as persoas que superen ambas partes o 100 % do módulo.

Proba Teórica:

- A proba teórica constará dun cuestionario de preguntas que sexa representativo dos contidos conceptuais do módulo. A puntuación total da proba será entre 0-10 puntos. Para superala e pasar á proba seguinte será preciso un mínimo de 5 puntos.

Proba Práctica:

- A Proba Práctica constará na resolución de varios supostos teórico-prácticos, cualificada entre 0-10 puntos. Será preciso acadar unha nota mínima de 5 puntos para poder facer media coa parte teórica.

Cualificación Final:

- A Cualificación Final será a ponderación dun 50% da parte teórica e dun 50% da parte práctica (sempre que acaden un mínimo de 5 puntos en cada parte), expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

- As persoas que non superen a primeira parte da proba, (teórica) non poderán realizar a proba práctica e serán cualificadas cun cero nesta parte. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarselle será de catro puntos (suspensa).

- Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo, para o profesorado e resto de persoal do centro, e/ou para o material, equipamento ou instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero (suspensa).

- Así mesmo, as probas que carezcan do nome da persoa que as realiza non serán valoradas nin puntuadas polos membros da comisión.

- Todas as modificacións que tiveran que levarse a cabo sobre a programación elaborada inicialmente, quedarán rexistradas na plataforma no apartado de seguimento da programación e no documento de memoria do módulo que será elaborada ao finalizar o curso.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A Proba Teórica consistirá nunha proba escrita, avaliando os CA da UD, que consistirá en preguntas representativas dos contidos conceptuais do módulo.

Será unha proba teórico-escrita eliminatória, que poderá constar de:

- Preguntas tipo test. As preguntas terán 4 opcións de respostas nas que só será correcta unha delas. As respostas incorrectas penalizarán/descontarán, tal e como se indicará nas instrucións de realización de cada exame (descontarase por cada resposta incorrecta o 33% do que suma unha resposta correcta). As non contestadas nin suman nin restan.

- Preguntas de desenvolvemento ou preguntas de resposta curta.

As preguntas poderán incluír fotos, imaxes, etc. impresas na proba ou proxectadas.

A puntuación total desta proba será entre 0-10 puntos. Terá carácter eliminatorio, é dicir, para superala e pasar á proba seguinte (proba práctica) será preciso acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

De non superarse, a nota final non poderá ser superior a 4 puntos (suspensa).

- A duración da proba será dun máximo de 2h.

- Para acceder á proba o alumnado deberá traer e mostrar obrigatoriamente o DNI ou pasaporte.

- Para a realización do exercicio é necesario o uso dun bolígrafo de cor azul (indeleble) e calculadora. En ningún caso se cualificarán as respostas en lápis ou bolígrafo de tinta borrable. Non se permite o emprego de cintas ou bolígrafos correctores (estuvo "Tippex").

- Seguirá as instrucións que figuren na proba escrita.

- Ó remate da proba, as persoas candidatas non poderán levarse da aula ningún dos documentos empregados durante a proba (exame, folios soltos, borradores, etc.).

- Non se permiten móbiles, nin calquera outro dispositivo electrónico que permita a conexión co exterior.

- Se o profesorado que está a cargo de vixiar a proba detecta algunha actividade de tipo fraudulento, expulsará ao candidata/o e será cualificado cun 0.

- A cualificación desta 1ª parte da proba será de entre 1 e 10 puntos, cunha nota mínima dun 5 para a súa superación.

- Será de carácter eliminatorio, e a súa superación permitirá ao alumnado a realización da 2ª parte da proba. Do contrario quedarán excluídos da mesma.

As puntuacións obtidas polos/as aspirantes serán publicadas nos soportes/plataformas habilitadas polo centro educativo a tal efecto (taboleiro de anuncios, páxina web do centro, etc.)

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda parte (4.b), que tamén terá carácter eliminatorio.

4.b) Segunda parte da proba

Consistirá nunha proba teórico-práctica preferiblemente escrita sobre os contidos máis procedimentais.

- As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda parte, tras transcurrir, alomenos, 48 horas despois da publicación das notas da 1ª parte. Esta proba tamén terá carácter eliminatorio.

- Esta segunda parte constará en varios supostos prácticos que representarán unha mostra significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación do módulo.



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

- Calificarase de 0 a 10 puntos, e para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación mínima de 5 puntos.
- A duración da proba será dun máximo de 2h.
- Non se permitirá o uso de móbiles ou calqueira outro dispositivo que permita a conexión co exterior. Se o profesorado que está a cargo da proba detecta algún fraude, expulsará ao alumnado da proba e cualificarase cun 0.
- Finalizada esta proba, as puntuacións obtidas polos/as aspirantes serán publicadas nos soportes/plataformas habilitadas polo centro educativo a tal efecto (taboleiro de anuncios, páxina web do centro, etc.).

A/o alumna/o para asistir a proba:

- Deberá identificarse mediante DNI ou pasaporte.
- Bolígrafo azul ou negro, e lapis en caso de consideralo necesario.
- Calculadora (non programable).